

## OBRADOIRO DE PAISAXES SONORAS



### Monitor

Brais Romero Suárez. Licenciado en Comunicación Audiovisual.

### OBXECTIVOS

Entre os obxectivos fundamentais deste curso están o de aprender a escoitar. É evidente que o alumnado está afeito a oír todo tipo de ruídos e sons, e sen embargo, poucas veces reparamos en tentar discernir aquelas cousas que oímos. No proceso destas horas que estaremos xuntos, os rapaces e rapazas serán orientados e estimulados a que distingan, entre outras cousas, ruídos e sons.

Como consecuencia das actividades que se van levar a cabo, acadarán outro dos obxectivos do curso, como é a da utilización dos diferentes medios que están relacionados coa radio, dende un simple micro, até un (algo técnico que ti saberás). No decorrer dos días, usarán estes medios e terán que ser

quen de ensamblar nun estudio técnico aqueles sons que vaian recollendo pola rúa.

Por último, outro dos obxectivos do curso é a utilización da radio como fonte de creatividade. Para iso, proporánselle aos rapaces/zas distintas actividades nas que terán que usar o seu inxenio para obter un resultado aceptable.



## ACTIVIDADES

A actividade principal consistirá na realización dunha paisaxes sonora por grupo. Para iso, os rapaces/zas dividiránse en grupos de 3-4 persoas. Unha vez feita a división, repartiranse entre as diferentes lugares de Santiago: a praza de Fonseca, a Catedral, etc.

Na primeira visita aos lugares, os rapaces terán que recoñecer o espazo e os sons alí presentes. É importante que nesta visita garden especial coidado ao diferencias sons puntuais dese preciso día e sons únicos dese lugar.

Os seguintes días, xa cunha gravadora por grupo, deberán gravar os sons recoñecidos o día anterior. Mediante turnos, todos os rapaces/zas terán que captar ao menos un son cada día. Ademais, deberán ter especial coidado ás doce do mediodía, hora na que deberán gravar as badaladas da Berenguela.

Xa na facultade de volta, pasaranse os sons ao ordenador facendo unha selección dos óptimos e tendo en conta que sons cómpre voltar a gravar nos seguintes días.

Finalmente, o último día de curso, os rapaces/zas terán que presentar, mediante unha gravación no estudo de radio, a súa paisaxe sonora. Búscase así que os rapaces adquiran máis confianza cun estudo de radio e que expoñan a experiencia nas súas propias palabras.